



PROXECTO ALICERCE



Tratouse dun programa de emprego que xestionou o departamento de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e que contou cunha Subvención Global do Fondo Social Europeo. O proxecto desenvolveuse dende marzo de 2004 a outubro de 2005.

En anos anteriores desenvolvéronse os proxectos [ASISTE](#) e [ABEIRO](#) no marco desta Subvención Global.

Os seus **obxectivos** foron:

- Elaborar e implementar itinerarios de inserción laboral para a capacitación e especialización de persoas desempregadas no sector de atención a persoas así como formar e acompañar no deseño e posta en marcha de proxectos empresariais.
- Dinamizar e reforzar os servizos, que actualmente se prestan a estes colectivos con especiais necesidades no Concello de Vigo.

ITINERARIOS DESENVOLVIDOS

- ITINERARIO MEDIACIÓN INTERCULTURAL (15 persoas)
- ITINERARIO ADICCIÓNS E CONDUCTAS DE RISCO (15 persoas)
- ITINERARIO LECER E TEMPO LIBRE: OBRADOIROS PARA A INTEGRACIÓN SOCIAL (30 persoas)
- ITINERARIO CREACIÓN DE EMPRESAS (10 persoas).

O proxecto tivo unha formulación integral, de forma que percorreu todo o proceso de procura de emprego. Así, ademais das accións específicas de cada itinerario se traballou en outras [accións comúns](#) como son: Cohesión grupal, módulos de motivación empresarial e sensibilización ambiental, información individualizada do mercado de traballo.

ACCÍONS COMÚNS NOS ITINERARIOS

- Cohesión grupal

Neste módulo, previo á formación propia de cada itinerario traballouse cos/coas participantes para adquirir e mellorar estratexias de comunicación, autoestima e desenvolvemento persoal e fomentar a cohesión e a participación activa e integración tanto no grupo como no proxecto.

- Sensibilización medioambiental

Módulo cunha duración de 9 horas no que se buscou promover comportamentos e actitudes a favor do medioambiente; traballouse unha aproximación inicial ás actitudes e valores medioambientais e pretendeuse mellorar a comprensión da problemática ambiental.

- Motivación empresarial

Con este módulo preténdeuse motivar e acompañar no deseño e posta en marcha de proxectos empresariais propios nos ámbitos nos que se capacitaron a persoas participantes no proxecto.

- Orientación laboral: titorías, obradoiros de busca

Con esta acción preténdeuse facilitar información e ferramentas adaptadas ao perfil profesional das persoas para unha busca de emprego eficaz por conta allea no sector de atención a persoas

Esta acción iniciouse nun principio a través de titorías individualizadas que se desenvolveron paralelas á formación. Ao finalizar esta concretáronse obradoiros de busca nos que se traballaron: como e onde buscar emprego, confección dun directorio de entidades, elaboración de currículo vitae, captación de recursos a través de Internet, como afrontar unha entrevista de traballo, entre outros aspectos.

ITINERARIO MEDIACIÓN INTERCULTURAL:

Dirixido a 15 persoas con formación previa na área social (educación social, psicoloxía, pedagogía, traballo social,...) e un claro interese en desenvolverse profesionalmente neste campo.

O obxectivo do itinerario foi **formar e capacitar a profesionais que atendan as necesidades de integración social de persoas que proveñan de diferentes culturas.**

A formación comprendeu dúas fases:

- **Fase teórico-práctica cunha duración de 380 horas** na que se traballaron os seguintes contidos:

- Marco xeral do feito migratorio
- Marco legal
- Mediación e interculturalidade
- Ámbitos de intervención
- Proxectos de intervención



Esta formación foi impartida por profesionais especialistas en cada un dos módulos: socióloga, avogada e educadora social. Durante a mesma celebráronse seminarios con: AIDA (Asociación para a integración do africano), Mediadores interculturais do Concello de Vilaboa, Fundación Secretariado Xeral Xitano e Cáritas.

- **Fase de práctica profesional de 200 horas** en entidades e organismos vinculados coa inmigración, o retorno e minorías étnicas: Cruz Vermella, fundación Secretariado Xeral Xitano, Fundación Cume, Concello de Mos, Concello de Vilaboa, Comisións Obreiras (CCOO), Unión Xeral de Traballadores (UXT) Confederación Intersindical Galega (CIG), Subdelegación do Goberno (Dependencia de Traballo e Asuntos Sociais), Oficina de emigración (Concello de Vigo).

ITINERARIO ADICCIÓN E CONDUCTAS DE RISCO

Dirixido a 15 persoas con formación previa na área social (educación social, psicoloxía, pedagogía, traballo social,...) e un claro interese en desenvolverse profesionalmente neste campo.

O obxectivo que se perseguiu con este itinerario é **capacitar no manexo de habilidades, actitudes e técnicas necesarias para traballar con persoas na prevención e tratamento de adiccións e outras condutas de risco**. A formación comprende dúas fases:

- **Fase teórico-práctica cunha duración de 380 horas**, na que se traballaron os seguintes contidos:

- Terminoloxía e conceptualización
- Antecedentes históricos e evolución no consumo e nos tratamentos
- Prevención
- Asistencia e tratamento
- Incorporación social
- Habilidades sociais
- Marco xurídico-legal
- Educación de rúa. O papel do mediador social na prevención de drogodependencias



Esta formación foi impartida por profesionais especialistas en cada un dos temas, así o módulo de marco legal foi impartido polas avogadas do Servizo xurídico de Érguete, o de asistencia e tratamento foi desenvolvido por profesionais da Unidade asistencial CEDRO, o de educación de rúa foi impartido por Médicos do Mundo.

- **Fase de práctica profesional de 220 horas** en entidades vinculadas á intervención en adiccións e condutas de risco: Asociación cidadá de loita contra a droga "Alborada", Unidade asistencial de alcoholismo "Asvidal", Unidade asistencial de drogodependencias "Cedro", Asociación de axuda aos toxicómanos "Érguete", Nais en defensa de xoves drogodependentes "Madro", Asociación Médicos do Mundo, Proxecto Home Galicia.

ITINERARIO LECER E TEMPO LIBRE: OBRADOIROS PARA A INTEGRACIÓN SOCIAL:

Este itinerario tivo a finalidade de **formar especialistas no deseño, execución e xestión de actividades e proxectos de lecer e tempo libre con diversos colectivos, especialmente os de terceira idade e discapacidade**.

Dirixido a 30 persoas con formación previa na área social (educación social, psicoloxía, CS Integración social, CS Animación sociocultural,...) con interese en desenvolverse profesionalmente neste campo e dispoñibilidade horaria.

Constou de dúas edicións:

1.- Formación en **Animación en terceira idade e discapacidade**, cunha duración de 250



horas de teoría e 120 horas de prácticas en entidades e empresas de terceira idade e discapacidade.

2.- Formación destinada á obtención do **título oficial de Monitor de Tempo Libre** (350 horas) e **formación específica en Animación en terceira idade e discapacidades** (120 horas)

Para impartir o título de Monitor de tempo libre o proxecto contratou a escola de tempo libre "Paspallás"



ITINERARIO CREACIÓN DE EMPRESAS

Pretendeuse formar e apoiar iniciativas empresariais relacionadas coa atención a persoas. Dirixido a 10 participantes, consta dunha fase teórico-práctica de 125 horas na que se traballaron os seguintes contidos:

- Habilidades xerenciais
- A idea de negocio
- Tipos de empresas. Trámites de posta en marcha
- Subvencións
- Seguridade social
- A fiscalidade da empresa
- Mercadotecnia
- O plano de empresa

Posteriormente se titorizaron os proxectos empresariais para a súa posta en marcha.